



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A CONSTRUCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO EDIFICIO INSTITUCIONAL E DE I+D NO CASCO VELLO.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2016.

COMPARECEN

Dunha parte, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante CONSELLERÍA), nomeado mediante o Decreto 15/2015, do 9 de febreiro (DOG núm. 27, do 10 de febreiro), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Doutra parte, reitor magnífico da Universidade de Vigo (en adiante UVIGO), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Universidade de Vigo é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Constitución e coa Lei orgánica de universidades.

A Universidade de Vigo promove como un dos obxectivos esenciais da súa actividade a formación de persoal investigador, o fomento e a transferencia de coñecemento á sociedade, así como a coordinación da investigación científica, técnica, humanística e artística. A investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia de coñecemento a esta.



Xunto coa labor investigadora e docente, a universidade tamén debe dispoñer dos medios necesarios para potenciar o seu compromiso coa reflexión intelectual, a creación e a difusión da cultura, en especial a galega. Promoverá o achegamento das culturas humanística e científica e esforzarse por transmitirlle o coñecemento á sociedade mediante a divulgación da ciencia.

Para realizar adecuadamente as ditas funcións básicas, a Universidade de Vigo ten que crear e manter os servizos xerais necesarios.

SEGUNDO.- A localización da UVIGO nun campus lonxe da cidade supón un inconveniente na creación de sinerxías co tecido empresarial e a capacidade de xerar investigación e innovación asociándose con este. Por iso a UVIGO ten previsto implantar no casco vello da cidade unha sede institucional para impulsar a súa presenza en Vigo e promover a investigación, os intercambios e as sinerxías co tecido empresarial, cultural e social da cidade. Para iso sería necesario dispoñer dun edificio previsto para un uso intensivo e con espazos polivalentes.

Para esa finalidade, a UVIGO dispón dunha construción sinalada cos números 11, 13 e 15 da rúa Ribera do Berbés, na cidade vella de Vigo, por cesión gratuíta polo Consorcio Casco Vello de Vigo do dereito de superficie durante corenta anos (formalizada o 27/05/2015, ante a notaria Mónica Alba Castro, co número 423 do seu protocolo).

TERCEIRO.- Segundo a memoria de necesidades para o edificio institucional e de I+D da UVIGO no Casco Vello (asinada o 25/01/2016 polo director técnico de obras, instalacións e infraestruturas), o inmovible debe dar soporte físico a diferentes espazos que permitan varios usos: actos institucionais, organización de cursos, conferencias ou seminarios, exposicións, atención ao alumnado, espazos de coworking, centro de linguas, Achégase a memoria cun informe sobre a viabilidade do edificio dende un punto de vista urbanístico.

Para o cálculo do orzamento do edificio tomouse como referencia a superficie edificable do solar e o prezo por metro cadrado construído. O dito prezo calcúlase en base á tipoloxía do edificio, os usos e tipo de obra, tendo en conta os prezos de mercado e datos de construcións similares.

O desenvolvemento do proxecto do edificio precisa da redacción dun prego de prescricións técnicas que servirá de base para a contratación do proxecto básico e de execución do edificio, que posibilite a licitación do correspondente contrato de obras.

CUARTO.- Que a Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, de estrutura orgánica da CONSELLERÍA, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades de investigación do Sistema universitario de Galicia (SUG) para a súa vertebración e posta en valor no marco do



Sistema de innovación. Entre estas competencias está a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

QUINTO.- Que o Plan galego de investigación, innovación e crecemento asume no eixo estratéxico 3 (sistema integral de apoio á investigación) que para garantir a produción dunha investigación de calidade e excelencia por parte do sistema de I+D+i é esencial contar con estrutura e prácticas xestoras eficaces, de maneira que se cre unha contorna favorable á investigación, cun sistema integral que garanta a eficiencia operativa.

Polo exposto, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio e finalidade

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración da CONSELLERÍA coa UVIGO para o financiamento do edificio institucional e de I+D da universidade no casco vello de Vigo.

A construción contará cunha superficie construída total aproximada de 1.503 m² (629, 635 e 239 m², en cada solar), repartidos nunha planta baixa e dúas ou tres plantas sobre rasante

O orzamento total da actuación ascenderá a 1.977.429,68 € (sendo o financiamento da CONSELLERÍA de 1.921.618,56 €), co seguinte desglose por conceptos:

CONCEPTO	IMPORTE (sen IVE)	FINANCIAMENTO XUNTA
Estudo xeolóxico	4.000,00 €	4.000,00 €
Plano topográfico	4.000,00 €	4.000,00 €
Redacción proxecto e dirección obra	103.000,00 €	103.000,00 €
Dirección de execución	54.000,00 €	54.000,00 €
Coordinación S.S.	18.000,00 €	18.000,00 €
Licenza de obra	17.824,50 €	UVIGO
ICIO	37.986,62 €	UVIGO
Construción edificio	1.738.618,56 €	1.738.618,56 €
TOTAL dos gastos necesarios para a execución do edificio	1.977.429,68 €	1.921.618,56 €



SEGUNDA.- Contía da axuda

A dotación da CONSELLERÍA para este convenio é de un millón novecentos vinte e un mil seiscientos dezaioito euros con cincuenta e seis céntimos (1.921.618,56 €), distribuídos en tres anualidades con cargo ao Plan galego de financiamento universitario 2016-2020 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de outubro de 2015, DOG número 221, do 19 de novembro), aplicación orzamentaria 10.40.561B.744.0 (2016 00368) e co seguinte reparto:

	TOTAL (importes sen IVE)
2016	73.000,00 €
2017	496.967,01 €
2018	1.351.651,55 €
TOTAL	1.921.618,56 €

Esta cantidade de 1.921.618,56 € trátase dun importe certo, e queda por conta da UVIGO a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero en ningún caso, o importe da subvención achegada pola CONSELLERÍA poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de xuño de 2014, a subvención prevista neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta ao obxectivo do interese común. É unha axuda dirixida á construción dunha infraestrutura para a UVIGO, organismo de investigación de natureza pública e sen ánimo de lucro.



TERCEIRA.- Obrigas

A CONSELLERÍA comprométese a financiar as accións recollidas na cláusula primeira, logo da acreditación do gasto de acordo coa normativa aplicable.

A UVIGO comprométese a :

- Achegar o custe da licenza de obra e do ICIO por un importe sen IVE de 55.811,12 euros e os inmobles para a construción.
- Levar a cabo as actuacións de contratación, dirección, control e recepción das obras.

A UVIGO, por ter a consideración de sector público de acordo co artigo 3.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, está sometida en canto á contratación de obras e subministracións ao establecido na dita lei. Polo que se refire a contratación das actuacións formará parte da mesa de contratación, en representación da Xunta de Galicia, unha persoa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A UVIGO deberá presentar unha declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma.

CUARTA.- Fórmula de pagamento

De acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e do artigo 62 do seu regulamento poderanse realizar pagamentos á conta, o que supón a realización de pagamentos fraccionados de acordo co ritmo de execución das accións subvencionadas que non poderán ser superiores ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, nin excederá á anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria efectuará o libramento dos fondos por importe total de 73.000,00 € na anualidade de 2016, 496.967,01 € na anualidade de 2017 e 1.351.651,55 € no 2018 contra a presentación da seguinte documentación:

- Facturas expedidas polas empresas adxudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio. Achegarase xunto coas devanditas facturas o comprobante do pagamento efectuado e as certificacións de obra ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.
- Toda a documentación correspondente aos procesos de adxudicación, segundo o establecido no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público. Así mesmo, débese ter en conta o



establecido no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia e no caso de ter que solicitar as tres ofertas tamén as deberán achegar xunto coa xustificación.

- Na última xustificación remitirase certificación de obra acompañada da liquidación.

A data límite de presentación da referida documentación de xustificación do gasto establécese no día 20 de decembro de cada anualidade.

Deberá presentarse unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas.

Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

QUINTA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, sen prexuízo de que poidan atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2016 e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

Non obstante o establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a CONSELLERÍA, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un/unha actuará como presidente/a.
- Tres membros da UVIGO.



A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola CONSELLERÍA.

OITAVA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a UVIGO consente expresamente para que a Administración autonómica inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puidera facer a UVIGO no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

A subvención estará sometida á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación e previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións. Ademáis, o convenio incluírase nun rexistro de convenios público e accesible e referenciarase no Diario Oficial de Galicia, todo iso de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

NOVENA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de



xuño, do Sistema universitario de Galicia (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

No artigo 7 da dita Lei 6/2013, do 13 de xuño, indícase que as universidades públicas do SUG estrutúranse en campus universitarios concibidos como complexos organizativos territoriais e espazos de integración e convivencia. Por ese motivo cando a Xunta de Galicia fomenta o avance das universidades públicas cara a organización territorial, tendente a unha maior especialización, compatibilidade e calidade docente e investigadora no Campus de Vigo, non é necesario promover a concorrência competitiva xa que o referido campus está integrado na UVIGO (segundo o establecido na disposición adicional primeira da referida Lei do sistema universitario de Galicia). Esta circunstancia xustifica a imposibilidade de conveniar con outras universidades para esta finalidade.

O presente convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 4.1c) do texto refundido da Lei de contratos do sector público, rexéndose para os seus efectos pola normativa xeral en materia de contratos das administracións públicas e polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 8.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubrícano por triplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

Pola Consellería de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria,

Pola Universidade de Vigo,